

## Plan de Convivencia III

No marco do plan de convivencia, xurdiu a finais do curso pasado, a **PATRULLA VERDE**, cun lema: “**por un cole limpo**” e dous obxectivos fundamentais:

- sensibilizar ao alumnado da súa responsabilidade no coidado do entorno escolar.
- lograr unha estadía agradable na zona de xogo.

Nenos e nenas voluntarios, dos tres ciclos de primaria, identificados cuns petos de cor verde, día a día percorren todas as zonas do patio, facéndose ver e invitando aos demais a que colaboren no seu coidado.



Na actualidade tamén están en marcha dúas novas experiencias á hora do recreo: **OS XOGOS DE MESA** e a recuperación dos **XOGOS TRADICIONAIS**.

Os primeiros lévanse a cabo durante os recreos na sala de usos múltiples, baixo a supervisión dun profesor, axudado por alumnos encargados.

En canto aos Xogos Tradicionais, a iniciativa saíu do Equipo de Normalización Lingüística, no seu afán de recuperar as tradicións e costumes do país. Distribuíronse por varias zonas do patio e sinaláronse. A corda, a raiuela, a goma, as buxainas, as bólas...están de novo nos patios. Preténdese recuperar tamén as cantinelas que acompañan algúns destes xogos.

Con estas experiencias estase a lograr unha mellor convivencia. Búscase que os alumnos reciban unha formación integral, que aprendan a comunicarse e relacionarse en igualdade e respecto. É tarefa de todos, familias e educadores, fomentar estes valores que axuden a conseguir un mundo máis agradable.

## Biblioteca

Andrea Buyo recomenda:



Andrea Edreira recomenda:

Cristofer Ribeiro recomenda:

Dentro dos proxectos que está a levar a cabo o equipo da biblioteca do CEIP Fco. Vales Villamarín, encóntrase a recomendación de libros feitas polos propios alumnos.

Ademais de colaborar co periódico local “*Betanzos e a súa comarca*”, o CEIP dispón na súa páxina web (<http://centros.edu.xunta.es/valesvillamarin>), dunha sección chamada “**A Nosa Biblioteca. Recomendacións**”, onde alumnos e alumnas fan os seus propios comentarios sobre os libros que queren recomendar.

Os libros que vedes arriba, forman parte dos libros recomendados polos nosos fillos/as para este 2º trimestre.

Hai moitos mais, descubrídeos !

## Ximnasia Rítmica Deportiva

A **ximnasia rítmica**, ademais de ser un dos deportes máis creativos que existen na actualidade, é un deporte que deixa un lugar moi importante para a imaxinación, tal e como sucede con case tódalas disciplinas que teñen que ver coa música e a expresividade corporal.

O obxectivo principal desta disciplina é encadear exercicios máis o menos difíciles, equilibrados e vistosos que potencien a expresividade, a harmonía e o ritmo do corpo.

Os elementos que se empregan neste deporte son basicamente cinco: aro, fita, corda, mazas e pelota.

A sección de ximnasia rítmica da ADC VV, que aínda non conta cun ano de vida, comezou este curso 2008-2009 co obxectivo de cubrir o baleiro existente dentro do deporte feminino.

A resposta foi moi positiva e na actualidade contamos con 25 nenos/as divididos por idades, en dous grupos; un de 3 a 7 anos, e o outro de 8 a 12.

Contamos tamén con Ana, a nosa monitora. Mestra en Educación Infantil é, ademais, Adestradora Nacional de Ximnasia Estética de Grupo e de Ximnasia Rítmica. Sen dúbidas, unha garantía á hora de poñer en valor esta actividade.



Compoñentes do grupo de Ximnasia de 8-12 anos

## Nova escola de infantil

Marca cun (✓) as opcións que consideres probables ou Verdadeiras e cunha (X) as que consideres improbable ou Falsas.

**Cal cres que é o motivo polo que aínda non están cedidos os terreos para o centro de infantil?**

Non hai cartos para expropialos. ....

A festa da tortilla ten prioridade. ....

A alcaldesa esquecéuselle incluílo.....    
na orde do día dos plenos

A alcaldesa esquecéuselle convocar.....    
as comisións informativas previas.

A alcaldesa esquecéuselle o bolso onde .....    
levaba a nota da valoración económica.

Hai desavinzas entre o goberno.....    
municipal e os funcionarios.

Hai desavinzas entre os grupos .....    
da oposición.

Hai desavinzas entre o PP e CxB.....

Hai desavinzas entre o sol e a lúa. ....

Alguén prefere vendelo especulativamente .....    
a que llo expropian polo que vale.

Alguén prefere construír no seu lugar.....    
un centro comercial.

Alguén pretende incluír os terreos.....    
dentro da Zona Natura.

Recorta esta columna pola liña indicada e déixaa na secretaria do centro ou na caixa de correo (buzón) que a ANPA ten no Colexio. Axúdanos a sacar adiante este tema; xa chegamos tarde, pensando no curso 2010-2011. *Moitas Grazas.*

**Sabías que** tamén existe un "Observatorio da Convivencia Escolar", con representación de nais e pais, que ten entre as súas funcións analizar e propoñer medidas encamiñadas a mellorar a convivencia?

## Festa de fin de curso de 6º

O pasado día 10 de marzo reuníronse as nais e os pais dos alumnos de 6º para organizar a festa de fin de curso, de ciclo e de etapa, acordándose a realización das seguintes actividades:

- ☞ unha excursión dos alumnos a Aquapark o día 18 de xuño de 2009 (xoves).
- ☞ unha orla de alumnos e profesores.
- ☞ unha festa de infantil a celebrar nas instalacións do colexio no transcurso da cal entregaráselles o diploma de fin de curso e máis a orla. Entre as actividades previstas na mesma haberá unha animación infantil e serviránse uns pinchos.
- ☞ Para sufragar os gastos acordouse que cada alumno vendese un talonario de rifas.
- ☞ Creouse unha comisión de nais e pais para organizar estas actividades en colaboración cos profesores dos cursos e máis coa dirección do colexio.

Boletín informativo  
marzo 2009



Asociación de Nais e Pais de Alumnos  
"ANPA BRIGANTIUM"  
CEIP "FCO. VALES VILLAMARÍN"  
Carregal nº 4,  
15300 – BETANZOS (A Coruña)

**Verdadeiro ou Falso**

Consulta o Blog da ANPA e anímate a facer suxestións. Prometemos atendelas  
Blog: <http://anpabrigantium.blogaliza.org/>  
e-mail: [anpabrigantium@gmail.com](mailto:anpabrigantium@gmail.com)



Patrocina:  
Concello de Betanzos